



**O luns 4 de marzo arrinca a 3ª edición da Semana das tendencias e infraestruturas TIC', cinco encontros dixitais de 30 minutos na plataforma Microsoft Teams**

## **R e compañías líderes do sector debullan futuro e retos das novas tecnoloxías na empresa**

- ***Entre o 4 e o 8 de marzo o operador galego celebrará, xunto a expertos de empresas tecnolóxicas punteiras a nivel mundial, a 3ª edición da Semana das tendencias e infraestruturas TIC' para achegarse a tendencias do sector en plena era da dixitalización.***
- ***Especialistas de FORTINET, ARUBA, MICROSOFT, OZONA e COMMVAULT ofrecerán a súa visión estratéxica da actual conxuntura tecnolóxica en sesións exprés, dixitais, gratuítas e accesibles mediante inscrición previa.***
- ***R continúa a acompañar as empresas galegas para analizar os retos derivados dos seus procesos de dixitalización e optimizar a súa competitividade en calquera mercado a nivel mundial.***

**Martes, 27 de febreiro de 2024.-** Dende o vindeiro luns 4 e ata o venres 8 de marzo, en formato dixital, interactivo e exprés, expertos de compañías líderes mundiais en tecnoloxía ofrecerán a súa visión estratéxica sobre as principais tendencias TIC e os retos derivados da dixitalización das empresas no marco da 3ª edición da Semana das tendencias TIC" que organiza **R**.

Portavoces de FORTINET, ARUBA, MICROSOFT, OZONA e COMMVAULT, por esta orde e de luns a venres, pilotarán cada unha das xornadas, divididas en cinco sesións de 30 minutos, para revelar algunhas claves que poden axudar a empresa a tomar decisións e a adiantarse aos grandes desafíos do sector na actualidade.

Coa 3ª edición da Semana, **R** revalida a súa misión de acompañar unha vez máis empresas galegas nos seus procesos de dixitalización para optimizar a competitividade das compañías do territorio en calquera escenario do mundo.

As sesións serán gratuítas e accesibles mediante inscrición previa en: **[Inscrición](#)**

## **Ciberseguridade, conectividade, IA, teletraballo e datos seguros**

A primeira sesión, o luns 4 de marzo, correrá a cargo de **Iñaki Quintanilla e Cristian Bermejo**, de **FORTINET**, que explicarán os fundamentos dunha solución avanzada para integrar seguridade, visibilidade e control da nube no posto de traballo. Tamén falarán de como contrarrestar ameazas en tempo real con servizos de seguridade impulsada por Intelixencia Artificial (IA).

O martes 5 será a quenda de **ARUBA**. Nesta xornada, **Alberto Pérez Cuesta** analizará presente e futuro da tecnoloxía da conectividade na empresa e a axilidade e resiliencia necesarias nos negocios para adoptar novas capacidades e procesos apoiados na tecnoloxía.

A terceira sesión, o mércores 6, correrá a cargo de **MICROSOFT**, coa intervención de **Antonio Cruz**, que afondará no terreo da Intelixencia Artificial xenerativa no posto de traballo e nos retos e oportunidades que lles ofrece Copilot para Microsoft 365 ás organizacións e os seus responsables de Tecnoloxías da Información.

**OZONA**, co experto **Marcos Paredes**, destinará a xornada do xoves 7 a analizar unha solución que reforza eficiencia e seguridade da empresa nunha contorna de teletraballo ou traballo deslocalizado, controlando en paralelo o rendemento das aplicacións e do/da profesional.

Por último, o venres 8 de marzo, a Semana das TIC concluirá coa vez de **COMMVAULT**, da man de **Juan Esquivel**, quen profundará na xestión do dato como activo estratéxico clave nas compañías e sometido a ameazas potenciadas polo auxe do *Machine Learning* e a IA Xenerativa. Ofreceranse opcións para combater a IA con IA, garantindo a seguridade nativa dos datos na nube e, en consecuencia, a resiliencia do negocio.

Cada unha das sesións, que comezan ás 9:30 h AM, finalizarán cunha quenda de preguntas na que os/as participantes poderán interactuar cos expertos, expondo dúbidas e temáticas xurdidas ao longo das súas intervencións.

Máis info: (<https://blogempresas.mundo-r.com/gl/eventos/iii-edicion-semana-online-das-tendencias-e-infraestructuras-fic/>)

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
**R.gal**